



© Xulio Gil

XELA ARIAS

XORNADA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS
XELA ARIAS CASTAÑO

PRESENTACIÓN

O 17 de maio é a festa da lingua galega, unha celebración institucionalizada en 1963 pola Real Academia Galega (RAG) para honrar un autor ou autora polo seu labor de defensa e promoción do idioma e cultura de noso. Unha efeméride que foi acadando nos últimos anos grande amplitude, proxección e participación cidadá ata converterse nunha das citas máis importantes do almanaque galego, con importante atención e implicación desde os diferentes ámbitos sociais (administracións, institucións, entidades, empresas...).

Neste 2021, a RAG, na súa sesión plenaria do día 22 de decembro de 2020, tomou o acordo de lle render tributo e dedicarlle o Día das Letras Galegas a Xela Arias Castaño (Sarria, 1962 – Vigo, 2003), “unha voz singular da xeración que anovou nos anos 80 a poesía en temas, estilo e forma” da que a institución subliña “o seu labor pioneiro na tradución ao galego de clásicos universais e como editora”. Celebramos, pois, unha das voces máis destacadas da poesía galega contemporánea, autora dunha escrita singular, transgresora, sincera e comprometida. Homenaxeamos unha muller, a quinta anfitriña do Día das Letras Galegas nos 58 anos desta celebración, despois de Rosalía de Castro (1963), Francisca Herrera Garrido (1987), María Mariño (2007) e María Victoria Moreno (2018).


2

A traxectoria de Xela Arias bebe directamente do devir cultural galego dos anos 80 e 90, como poeta, como tradutora, como activista social, como profesional no ámbito da edición. A cidade de Vigo acóllea desde os sete anos e é testemuña das primeiras publicacións en xornais e revistas, da súa participación en recitais poéticos e do seu activismo cultural. Alí traballa en Edicións Xerais de Galicia, licénciase nas filoloxías Hispánica e Galego-Portuguesa e exerce a docencia en distintos institutos da comarca. O seu pasamento repentino en 2003 ocasiona unha fonda conmoción no mundo cultural, que lle rendeu numerosas homenaxes, como a organizada na Cidade Olívica pola Asociación Galega de Editores (AGE), a Asociación de Tradutores Galegos (ATG) e a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

Como poeta, anticipou nos anos oitenta moitos temas e características formais da lírica galega da década seguinte. Atreveuse a explorar o diálogo entre a poesía e a fotografía ou a música e procurou novos espazos para elas en recitais, festivais e outras intervencións. A súa é unha poesía urbana, que rompe formalmente co código poético, cunha dimensión social e precursora da escritura de xénero.

LETRAS GALEGAS 2021

A Xunta de Galicia, a través Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade impulsa a celebración da Xornada do Día das Letras Galegas. Xela Arias Castaño para renderlle tributo, dar a coñecer e poñer en valor a vida, a figura e a obra de Xela Arias por todos os centros educativos de Galicia, co obxectivo de facer partícipe da celebración das Letras Galegas a toda a comunidade educativa galega.



© Xulio Gil

XORNADA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS. XELA ARIAS

Programación


| 22 de abril de 2021 - xoves

 17:30 - 18:00 - Inauguración das xornadas

Valentín GARCÍA GÓMEZ
Secretario Xeral de Política Lingüística

Henrique MONTEAGUDO ROMERO
Presidente en funcións da Real Academia Galega

Darío GIL ARIAS
Familiar de Xela Arias

 18:00 - 18:45 - Conferencia

'Vencerse é cousa de se tratar: un achegamento á vida e á obra de Xela Arias'


Montserrat PENA PRESAS
Universidade de Santiago de Compostela

4

 18:45 - 19:30 - Conferencia

'Busco a vida entre papeis. Achegamento á biografía e á obra de Xela Arias'

María Xesús NOGUEIRA PEREIRA
Universidade de Santiago de Compostela

 19:30 - 20:00 - Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Xela Arias

- 'Vídeo-resumo da vida e da obra de Xela Arias'
David RIAL ARAÚJO
CPR Plurilingüe San Pío X (Ourense)

- 'Querida Xela'
José Manuel LÓPEZ CABANA
Noemí TALLÓN PÉREZ
CEIP Frei Luís de Granada de Sarria (Lugo)

| 29 de abril de 2021 - xoves



18:00 - 18:45 - Conferencia

'Xela Arias: a aventura de ser unha mesma'

Yolanda CASTAÑO PEREIRA

Escritora



18:45 - 19:30 - Conferencia

'Xela Arias no pouso dos afectos. Vida, obra e recursos didácticos'

Manuel BRAGADO RODRÍGUEZ

CEIP Laredo e CEIP Cedeira de Redondela (Pontevedra)



19:30 - 20:00 - Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Xela Arias

- 'Seminario Galán. Xela Arias, Letras Galegas 2021. Actividades na Rede'

Alejandra CAMPO PENÍN

CEIP Ramón Otero Pedrayo da Laracha (A Coruña)

- 'Xela Arias nas ondas'

Olalla LIÑARES GARCÍA

IES Purilingüe Fontexería de Muros (A Coruña)

05 de maio de 2021 - mércores



18:00 - 18:45 - Conferencia

'Xela Arias: texto e reverso'

Ana LUNA ALONSO

Universidade de Vigo



18:45 - 19:15 - Conferencia

'Xela Arias, narradora'

Ramón NICOLÁS RODRÍGUEZ

IES Castelao de Vigo (Pontevedra)



19:30 - 20:00 - Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Xela Arias



- 'Festa da Lingua 2021'

Marta DOMÍNGUEZ TENREIRO

Mercedes COMBA OTERO

CPR Plurilingüe CPR Plurilingüe Esclavas Sagrado Corazón de Jesús (A Coruña)

- 'Non nos amola'

María do Mar HERMIDA PICO

IES Afonso X O Sabio de Cambre (A Coruña)

- 'Musicando a Xela Arias'

Víctor Alfonso CASTRO MARTÍNEZ

CEIP do Carballal de Marín (Pontevedra)

I 13 de maio de 2021 - xoves

-  18:00 - 18:30 - Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Xela Arias
- Centro gañador do Concurso-Exposición Letras Galegas - A
- 'Xela Arias e as palabras'
- Susana CRESPO PÉREZ** - CEIP Plurilingüe de Porto Cabeiro de Redondela (Pontevedra)
-  18:30 - 19:00 - Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Xela Arias
- Centro gañador do Concurso-Exposición Letras Galegas - B
- 'Abecedáriome: un dicionario desequilibrado para Xela Arias'
- Carlos NEGRO ROMERO** - IES Plurilingüe de Ames (A Coruña)
-  19:00 - 19:30 - Propostas didácticas
- 'Deconstruír o equilibrio, reconstruír a perspectiva: propostas para abordar a poesía de Xela Arias nas aulas'
- Emma PEDREIRA LOMBARDÍA** - Escritora
-  19:30 - 20:00 - Conferencia
- 'Dignidade ou como Xela Arias sofre pola terra nosa'
- Anxo Xoán RAJÓ PAZÓ** - IES República Oriental do Uruguai de Vigo (Pontevedra)

**Vencerse é cousa de se tratar: un
achegamento á vida e á obra de
Xela Arias**



CURRÍCULO

 **Montserrat Pena Presas** profesora no Departamento de Didácticas Aplicadas da Universidade de Santiago de Compostela no campus de Lugo.

Licenciada en Filoloxía Galega, obtivo o Diploma de Estudos Avanzados en Teoría da Literatura e Literatura Comparada e doutoramento pola Universidade de Santiago de Compostela. A súa tese, dirixida por Dolores Vilavedra e Bieito Valdivia, titúlase *Feminismo, xénero e coeducación na literatura infantil e xuvenil: historia crítica e aplicación didáctica* (2016). Ademais, obtivo un Máster en Edición pola Universidad de Salamanca. Foi profesora de Lingua, Literatura e Cultura galegas na Bangor University (Gales).

Compaxina o seu labor docente coa crítica literaria en diversas revistas e xornais (*Faro da Cultura, ProTexta, Sermos Galiza...*) e revistas especializadas (*Grial, Anuario de Estudos Literarios Galegos, Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, entre outras), Tamén é coordinadora de redacción de *Fadamorgana. Revista Galega de Literatura Infantil*. É coautora de materiais didácticos moi variados, entre eles os libros de Lingua e Literatura Galega para a ESO de Editorial Galaxia.

Publicacións

- *Epistolario a Fernández del Riego. Ricardo Carballo Calero*. Ed. Montse Pena Presas e Dolores Vilavedra, 2006, Vigo: Editorial Galaxia.
- *Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria. II*. Ed. Montse Pena Presas e Pilar Sampedro, 2010, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- *Un chapeu negro e un nariz de pallaso. Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño*, 2013, Vigo: Editorial Galaxia.
- Carlos Casares, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. Ed. Montse Pena Presas, 2017, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- *Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia*, 2018 Edicións Laiovento.
- *A voz insurrecta: María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida*, 2018, Vigo: Editorial Galaxia.
- *Intempestiva. Biografía (literaria) de Xela Arias*, 2021, Vigo: Editorial Galaxia.

**Xela Busco a vida entre papeis.
Achegamento á biografía e á obra
de Xela Arias**



CURRÍCULO

■ **María Xesús Nogueira Pereira** é profesora de Lingua e Literatura Galegas na Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela no Campus de Lugo.

Licenciada en Filloxía Galega, acadou o doutoramento en Filloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela. As súas principais liñas de investigación son a narrativa de Álvaro Cunqueiro e a poesía galega contemporánea. Foi membro dos consellos editores da revista *Dorna* e da colección de poesía *Letras de Cal*. Na actualidade éo do *Boletín Galego de Literatura* e colabora do portal en internet culturagalega.org. É a presidenta da Asociación Galega da Crítica desde a súa creación en 2015.

Compaxina o seu labor docente coa crítica literaria en diversas revistas e xornais como o *Boletín Galego de Literatura*, *a Revista Galega do Ensino*, *A Nosa Terra*, *Unión Libre*, *Dorna*, *Anuario de Estudos Literarios Galegos*, *Festa da Palabra Silenciada*, *Moenia*, *Madrygal*, *Matacán*, *Olisbos*, *Augasverso*...

■ **Publicacións**

- Álvaro Cunqueiro, *Os outros feirantes de Álvaro Cunqueiro*, 1993, Santiago: Sotelo Blanco Edicións.
- Álvaro Cunqueiro. *Narrativa curta. Antoloxía*, 1997, A Nosa Terra.
- *A Literatura desde 1936 ata hoxe: poesía e teatro*, 2001, A Coruña: Hércules de Edicións.
- *Soñadores e familia. Os personaxes na narrativa de Álvaro Cunqueiro*, 2009, Ames: 3C3 editores.
- *Dicionario Lois Pereiro*, 2011, Ames: 3C3 editores.
- *Lois Pereiro: Día das Letras Galegas 2011, 2011*, Universidade de Santiago de Compostela.
- *Viaje a Lugo: páxinas sobre la ciudad, de Álvaro Cunqueiro*, 2011, Santiago de Compostela: Alvarellos editora.
- *Xela Arias. Poesía reunida (1982-2004)*, 2018, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- *Xela Arias. Os territorios da liberdade*, 2021, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- *De certo, a vida ía en serio*, 2021, Santiago de Compostela: Chan da Pólvora.

Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Xela Arias

I 'Vídeo-resumo da vida e da obra de Xela Arias'

 David Rial Araújo, CPR Plurilingüe San Pío X (Ourense)

David Rial é mestre de primaria pola Universidade de Vigo, cun mestrado de diversidade educativa e especializado nas TIC e *Mobile Learning*. Na actualidade desenvolve a súa actividade docente como mestre no Colexio San Pío X, no cal é titor, coordinador EDLG e responsable TIC. Tamén formou parte de grupos de traballo variados, desde o deseño, posta en marcha e avaliación de bibliotecas escolares ata o achegamento da cultura europea aos estudantes. É afeccionado ao multimedia e á radio, aspectos que procura achegarlle ao alumnado con fins didácticos (máis información en <http://davidrial.es/>).

Resumo da experiencia

Esta iniciativa trata de achegar a vida e obra da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas, en formato vídeo e dun xeito ameno e breve. Para a elaborar, o EDLG traballa en colaboración co Seminario Galán que, ademais de xerar recursos didácticos, se encarga de realizar unha minuciosa revisión bibliográfica. Tomando como referencia eses datos, o profesorado realiza os axustes necesarios e distribúe os parágrafos entre o alumnado, para que cadaquén poida ler un anaco, sempre de forma voluntaria. Aproveítase a ocasión para achegar nocións básicas relacionadas coa edición audiovisual e reforzar a importancia do ton, ritmo, velocidade na lectura ou adecuación do acompañamento musical. Como apoio visual cóntase coas ilustracións realizadas por Carlos Gallego Domínguez, que sintetizan diversos momentos da vida da autora. Tamén se inclúen fragmentos de relatos, contos, poema etc. Este recurso divúlgase por todos os centros de ensino de Galicia e os limitrofes de Castela e León.

I 'Querida Xela'

 José Manuel López Cabana, CEIP Frei Luís de Granada de Sarria (Lugo)

Mestre especialista en Educación Física e Educación Musical. Desde hai bastantes anos realiza traballos relacionados cos escritores e escritoras homenaxeados no Día das Letras Galegas como o *Rap de Manuel Lourenzo* (2005), o de *Lugrís Freire* polo que recibiu un Premio Innovación Educativa (2006), *Eu diálogo* (2006) polo que recibiu o Premio do Parlamento de Galicia polo seu 25 aniversario, o *Rap celta de María Mariño* (2007), o *Rap de Álvarez Blázquez* (2008), o de *Manuel María* (2016), a adaptación musical de *As Laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (2017) polo que obtivo un Premio da Real Academia Galega, o *Rap María Victoria Moreno* (2018) ou o *Preguntoiro Musical Carballo Calero* (2020).

Noemí Tallón Pérez, CEIP Frei Luís de Granada de Sarria (Lugo)




Mestra especialista en Educación, colabora con José Manuel López Cabana na creación dos traballos relacionados cos autores aos que se lles dedica do Día das Letras Galegas como o *Preguntoiro Musical. Carballo Calero* (2020) ou *Querida Xela* (2021). A parte diso recibiu o Premio de Innovación Educativa no 2007 polo traballo *A biblioteca, centro dinamizador da vida na escola* desenvolvido no CEIP A Igrexa das Somozas.

Resumo da experiencia

Traballo biográfico musical sobre Xela Arias, desenvolvido con 16 grupos de educación primaria do CEIP Frei Luís de Granada e gravado na marabillosa contorna do río de Sarria. Ademais de información da vida e obra da escritora, anima o público a bailar cunha pequena coreografía ao son dun apegadizo retrouso.

**Xela Xela Arias: a aventura de ser
unha mesma**



CURRÍCULO

 **Yolanda Castaño Pereira, escritora**

Licenciouse en Filoloxía Hispánica e realizou estudos audiovisuais na Universidade da Coruña. Foi Secretaria Xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e formou parte da súa directiva durante varios anos. Así mesmo, foi directora da Galería Sargadelos da Coruña. Activa dinamizadora cultural, dende 2009 dirixe varios proxectos con poetas galegos e internacionais: o ciclo de recitais mensuais *Poetas Di(n)versos* na Coruña (Premio da Crítica - Galicia á mellor Iniciativa Cultural 2014), o Festival de Poesía *Pontepoética* en Pontevedra e o Obradoiro Internacional de Tradución Poética *Con barqueira e remador*, na illa de San Simón. Alén diso, ofrece obradoiros literarios, recitais, videopoesía e outras mostras do seu traballo dentro e fóra do país, por toda Europa e América, ademais de Tunisia, A China ou O Xapón. Foi guionista, dirixiu e presentou na TVE-Galicia o programa *Mercuria* dedicado ás vangardas artísticas galegas, polo que foi galardoada co Mestre Mateo ao/á Mellor Comunicador/a de TV 2005 e publicou columnas en distintas cabeceiras galegas. Foi fundadora da revista *Valdeleite* e da editorial de poesía para novos valores *Letras de Cal*. Tamén foi responsable de mostras poéticas colectivas, de traducións de poesía e de edicións literarias. Como poeta, e como crítica literaria, colaborou en diversas publicacións como *Festa da palabra silenciada*, *Dorna*, *A xanela*, *Clave Orión*, *La Flama en el Espejo*, *Quimera*, *O Correo Galego*, *A Nosa Terra*, *Ólisbos*, *Elipse*, *Enclave* ou *El mundo*.

Publicacións

- *Elevar as pálpebras* (Premio Fermín Bouza Brey 1994), 1995, Espiral Maior.
- *Delicia*, 1998, Espiral Maior.
- *Vivimos no ciclo das Erofanías* (Premio Johán Carballeira 1998 e Premio da Crítica española), 1998, Espiral Maior.
- *Edénica*, 2000, Espiral Maior.
- *O libro da egoísta*, 2003, Vigo: Editorial Galaxia.
- *Profundidade de campo* (XV Premio Espiral Maior de Poesía e Premio Ojo Crítico 2009), 2007, Espiral Maior.
- *Erofanía*, 2009, Espiral Maior.
- *A segunda lingua*, 2014, PEN Clube de Galicia.
- *O puño e a letra. Antoloxía en cómic poético*, 2018 Vigo: Edicións Xerais de Galicia
- *Idioma de tinta. Lingua dell'inchioistro*, 2018, Roma: Squilibri.
- *Xela quixo ser ela. Biografía de Xela Arias*, 2021, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

MANUEL
BRAGADO

29 de abril - xoves
18:45 - 19:30 h

Xela Arias no pouso dos afectos.
Vida, obra e recursos didácticos



CURRÍCULO

 Manuel Bragado Rodríguez, orientador nos CEIP Laredo e CEIP Cedeira de Redondela (Pontevedra).

É licenciado en Ciencias da Educación pola Universidade de Santiago. Foi presidente da asociación pedagóxica Nova Escola Galega (1986-1988), director da *Revista Galega de Educación*, foi membro das comisións de *Lingua e Literaturas e industrias da edición do Consello da Cultura Galega*, redactor do documento *Lingua e edición* da comisión de Cultura do proxecto *Galicia 2010*. Traballou en Edicións Xerais de Galicia como director de edicións de 1990 a 1993 e foi o seu director xeral durante 24 anos, entre 1994 e abril de 2018, cando presentou a súa baixa voluntaria para abrir unha nova etapa e seguir vencellado ao grupo só como asesor.

É presidente da Fundación Luzes, secretario da asociación Premios da Crítica de Galicia, membro do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, do Instituto de Estudos Vigueses e é unha das cabezas visibles da plataforma cívica a prol da lingua galega ProLingua.

Colaborador de diferentes medios de comunicación, participou no consello de redacción de *A Pizarra* (suplemento de educación de *Faro de Vigo*) e *Na escola* (suplemento de educación de *La Región* e *Atlántico diario*) ou *Faro de Vigo* onde mantén dende hai dúas décadas os espazos de opinión «Campo de Granada» e «Campo do Fragoso», polos que recibiu os premios de xornalismo Gómez Román (2000) e Fernández del Riego (2014). Desde 2005 publica o blog Brétemas, polo que recibiu os premios AELG, Fervenzas Literarias e Gala do Libro Galego á traxectoria dun proxecto literario na rede (2019). Pola súa obra *Vigo puro milagre* recibiu o Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Libro de Ensaio do 2019.

Publicacións

- *Dona Carne*, 1989, Ir Indo Edicións.
- *Vigo, puro milagre*, 2019, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Xela Arias

'Seminario Galán. Xela Arias, Letras Galegas 2021. Actividades na Rede'

 **Alejandra Campo Penín**, CEIP Ramón Otero Pedrayo da Laracha (A Coruña)

Profesora de ensino primario e con destinos docentes nos CEIP de Galán, en Oseiro-Arteixo (A Coruña) e na actualidade no CEIP Ramón Otero Pedrayo da Laracha (A Coruña), onde leva unha titoría de 1º ciclo de primaria.

Publicou, xunto con Noemia Álvarez, o libro *Las rabietas de Lois* onde aborda os problemas infantís relacionados coas emocións e resalta o valor implícito da empatía.

Actualmente é coordinadora do grupo de traballo Letras Galegas 2021. Actividades en Rede integrado no Seminario Galán, ao que pertence dende o curso 2015-2016.

Resumo da experiencia

O obxectivo principal desta experiencia é a presentación de material didáctico interactivo, en formato Genially, para infantil e primaria, coa finalidade de dar a coñecer a persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas deste ano: Xela Arias.

'Xela Arias nas ondas'

 **Olalla Liñares García**, IES Plurilingüe Fontexería de Muros (A Coruña)


12

Graduada en Xornalismo pola USC e docente de Lingua Galega e Literatura no ensino secundario. Durante o período de docencia telemática do curso 2019/20 puxo en marcha un proxecto de radio con alumnado da ESO que ten continuidade no presente curso. Recibiu a bolsa Nacho Mirás por *O Quinteiro*, un programa radiofónico semanal sobre a xente no Val do Barcala, formado por unha serie de monográficos sobre a cultura tradicional e o patrimonio inmaterial galego, co apoio e a difusión da emisora municipal Radio Negreira


Resumo da experiencia

Neste relatorio achegarémonos á experiencia de realizar un *podcast* radiofónico arredor da vida e obra de Xela Arias con alumnado da ESO.

Xela Arias: texto e reverso



CURRÍCULO

 **Ana Luna Alonso** profesora no Departamento de Tradución e Lingüística da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

Licenciada en Filoloxía Románica e doutora en Filoloxía Francesa pola Universidade de Santiago de Compostela, na actualidade é profesora titular no Departamento de Tradución e Lingüística da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, onde imparte docencia de grao, máster e doutoramento.

Dirixiu varias teses de doutoramento, coordinou cursos e xornadas e organizou varios simposios e congresos internacionais sobre tradución e políticas de tradución.

É investigadora do grupo BITRAGA (A Biblioteca da Tradución Galega) e participa no grupo CRET da Universitat de Barcelona sobre *La traducción literaria en España (Repertorio informatizado crítico-bibliográfico das traducións publicadas en España dende 1940)*, a Rede XESCOM (USC, UdC e Uvigo) e BiFeGa (Uvigo).

Entre as súas actividades dedicadas aos Estudos de Tradución, hai que incluír os estudos socioculturais do contexto no que se desenvolve a tradución, desde e cara ás linguas minorizadas, a historia da tradución e das persoas que traducen, o estudo dos fluxos de tradución e as políticas de tradución editorial. Conta con numerosas publicacións en revistas especializadas como *Quaderns: revista de traducció*, *Viceversa. Revista Galega de Tradución*, *Transfer. Revista electrónica sobre traducción e interculturalidad*, *Madrygal*...

Publicacións

- Luna Alonso, Ana et alii (eds.) (2015) *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural. Hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega*. Series: Relaciones literarias en el Ámbito Hispánico - Vol. 11, Peter Lang. Bern, Berlin, Bruxelles, Frankfurt am Main, New York, Oxford, Wien 2015.
- Luna Alonso, Ana.; Montero Küpper, S. & L. Valado Fernández (eds.) (2011): *Translation Quality Assessment Policies from Galicia / Traducción, calidad y políticas desde Galicia*. Berna: Peter Lang.

Xela Arias, narradora



CURRÍCULO

 **Ramón Nicolás Rodríguez** é profesor no IES Castelao de Vigo (Pontevedra).

Licenciado en Filoloxía galego-portuguesa pola USC. Na actualidade é profesor de lingua e literatura galega de ensino secundario así como na Universidade de Vigo. Colabora en diversos medios escritos e audiovisuais como no suplemento 'Fugas' de *La Voz de Galicia*, *Biblos*, *Club de lectores*, *Que ler*, no programa *Libro aberto* da TVG...

Dirixe a colección Biblioteca das Letras Galegas de Edicións Xerais de Galicia, desde 2011, é patrón da Fundación Celso Emilio Ferreiro, pertence á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, á Asociación Española de Críticos Literarios e á Asociación Galega da Crítica. Mantén, desde 2010, un dos blogs literarios máis veteranos de Galicia, como é o *Caderno da crítica*. *Literatura galega*.

Recibiu o Premio á Cooperación Editorial de Xerais no 2004; Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Crítico literario; Premio Fervenzas Literarias á mellor tradución; Premio Lois Tobío; Premio da AELG á mellor traxectoria en xornalismo cultural no 2011; Premio á mellor obra non literaria en galego do 2012 por *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*; Premio da AELG ao mellor blog literario do 2012, 2013 e 2014; Premio da AELG ao mellor ensaio do 2012, por *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*; Premio Antón Losada Diéguez de ensaio no 2013; Premio Fervenzas Literarias ao mellor blog literario de 2013, 2014 e 2017; Entrada na Lista de Honra do IBBY en 2015 e 2016; Premio "Proxecto literario da rede 2017", na III Gala do Libro Galego...

Publicacións

- *O espello do mundo*, 2016, Xerais.
- *Lapis na noite*, 2018, Xerais.
- *O soño sulagado. Guía de lectura*, 1992, Edicións do Cumio.
- *Diccionario dos verbos galegos*, 1993, Edicións do Cumio.
- *Entrevistas a Álvaro Cunqueiro*, 1994, Nigra.
- *Manuel Luís Acuña*, 2000, Xerais.
- *Papeis de literatura. Dez anos de revisión crítica*, 2001, Xerais.
- *Materia prima*, 2002, Xerais.
- *Derradeira escolma ferida*, de Manuel Lueiro Rey, 2003, Xerais.
- *O sol na crista do galo*, de Manuel Lueiro Rey, 2003, Xerais.
- *Celso Emilio Ferreiro: Poesía galega completa*, 2004, Xerais.
- *Celso Emilio Ferreiro: Semblanzas, crónicas e artigos*, 2005, Xerais.
- *O Grove: canción do sal e do vento*, de Manuel Lueiro Rey, 2005, Xerais.
- *Manuel Lugo Freire. Biografía e antoloxía*, 2006, Xerais.
- *Manuel Lugo Freire. Vida e obra*, 2006, Xerais.
- *Celso Emilio Ferreiro. Escolma poética*, 2008, Faktoría K.
- *Celso Emilio Ferreiro. Fotobiografía sonora*, 2008, Ouvirmos.
- *Conversas con Celso Emilio Ferreiro*, 2009, Xerais.
- *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*, 2012, Xerais.
- *Non debían medrar*, de Manuel Lueiro Rey, 2016, Xerais.
- *Novas crónicas dunha transición intransixente (1977-1988)*, de Manuel Lueiro, 2016, Laivento.
- *Irmidades da Fala: narrativa. Antoloxía*, 2017, RAG.

Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Xela Arias

'Festa da Lingua 2021'



Marta Domínguez Tenreiro, CPR Plurilingüe CPR Plurilingüe Esclavas Sagrado Corazón de Jesús (A Coruña)

Diplomada en Maxisterio de educación primaria pola Universidade da Coruña, é mestra no Colexio Esclavas da Coruña e coordinadora do EDLG neste centro e dos EDLG de Escolas Católicas na Coruña. É coautora de *Cofecendo a Antonio Fraguas: Roteiros Literarios* e *De Carballo Calero a Carvalho Calero*, de Hércules de Ediciones.



Mercedes Comba Otero, CPR Plurilingüe CPR Plurilingüe Esclavas Sagrado Corazón de Jesús (A Coruña)

Licenciada en Filoloxía Hispánica e Románica pola Universidade de Santiago de Compostela. Traballou durante varios anos como profesora de ELE tanto en Francia como en España, e como profesora de Lengua Castellana y Literatura e Lingua Galega e Literatura para a Consellería de Castilla e León. Na actualidade é profesora de Lingua Galega e Literatura no Colexio Esclavas da Coruña e colabora como examinadora nos CELGA. Impartiu cursos de formación do profesorado sobre o uso das técnicas dramáticas nas aulas de ELE e sobre o uso da literatura e as diferentes artes na ensinanza de español para estranxeiros.



Resumo da experiencia

Como todos os anos, os Equipos de Dinamización da Lingua Galega de Escolas Católicas de Galicia axuntan esforzos para celebrar as Letras Galegas. Este ano non se xuntaron, mais teñen unha proposta virtual mediante a presentación dos recursos compartidos, as colaboracións e as novas de elaboración propia; especialmente as realizadas nas Esclavas da Coruña: *Podcasts* do proxecto "En Galegas" de entrevistas arredor da figura de Xela Arias.

'Non nos amola'



María do Mar Hermida Pico, IES Afonso X O Sabio de Cambre (A Coruña)

Licenciada en Filoloxía Galego-portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela. É coautora dos libros de *Lingua galega e Literatura para 1º da ESO*, *Lingua galega e Literatura para 3º da ESO* para a editorial Teide así como dos *Cadernos de lingua* para primeiro e terceiro da ESO da devandita editorial. Ao mesmo tempo colabora coa rede de formación do profesorado impartindo docencias vinculadas ás *Experiencias na normalización e dinamización do galego*.



Resumo da experiencia

Presentación de experiencias das Letras Galegas, deseñadas en función da situación sociosanitaria: como este curso non se pode traballar en grupo nin facer saídas, a proposta é darlles unha volta máis dixital ás Letras e que o propio alumnado elabore as actividades entre grupos. Deste xeito, un grupo de 4º vai organizar un Got Talent Festa das Letras (co fío condutor de Xela Arias e a súa obra) para o alumnado de 1º (este fará as actuacións musicais, bailes, monólogos, recitado etc.); e o alumnado de 1º elaborará as actividades para o alumnado de 4º (kahoot, pasapalabra e xincana).

'Musicando a Xela Arias'



Víctor Alfonso Castro Martínez, CEIP do Carballal de Marín (Pontevedra)

Mestre de educación musical en infantil e primaria responsable do EDLG e do *Recuncho de Tambo*, o obradoiro de audiovisuais do CEIP do Carballal de Marín (videoclips, radio-TV escolar, curtas, documentais, videotutorias etc).

Editou varios libro-discos infantís en galego como *Tambo*, *O meu maravilloso sombreiro* ou *Traca-Traco*. Nestes momentos está a rematar un proxecto musical, audiovisual e literario con Fina Casalderrey e Paula Andrade titulado *Un día con papá*.



Resumo da experiencia

Elaboración dun videoclip baseado nun poema de Xela Arias (*Darío a diario*) que contén unha introdución dramatizada extraída dun texto que aparece en *Non te amola*. A música é orixinal e está ilustrado con debuxos da rapazada do centro. Nos retrosos inclúe unha coreografía argallada polo alumnado.

Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Xela Arias

Centro gañador do Concurso-Exposición Letras Galegas - A

'Xela Arias e as palabras'



Susana Crespo Pérez, CEIP Plurilingüe de Porto Cabeiro de Redondela (Pontevedra)

Diplomada en Educación Infantil e Licenciada en Psicopedagogía. Traballou desde o comezo da súa actividade docente en educación infantil no CEIP Plurilingüe de Porto Cabeiro, o mesmo centro onde tamén desempeña a coordinación do EDLG.

Foi a coordinadora do proxecto Pegadas artísticas de Redondela que foi premiado no II Concurso de traballos por proxectos na modalidade de proxectos de investigación de ciclo no curso 2014-2015. Na actualidade tamén é a coordinadora na elaboración dos carteis para as Letras Galegas 2021.



Resumo da experiencia

Presentación do xogo de carteis e da guía didáctica gañadora na modalidade A, dos colexios de educación infantil e primaria, elaborada para a exposición das Letras Galegas 2021 onde se pon en valor a vida e obra de Xela Arias, autora homenaxeada este ano.

A exposición este centro titúlase *Xela Arias e as palabras* e cada cartel baséase nas facetas máis relevantes da autora homenaxeada, que de xeito visual e plástico plasmou o alumnado de todos os niveis, co apoio do profesorado, seguindo as ideas que transmite Xela na súa obra poética: sen seguir normas, buscando a desorde, transformando as palabras e con independencia artística.

Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Xela Arias

Centro gañador do Concurso-Exposición Letras Galegas - B



'Abecedáriome: un dicionario desequilibrado para Xela Arias'



Carlos Negro Moreno, IES Plurilingüe de Ames (A Coruña)

É docente e escritor; da súa autoría son obras como *Far-West* (2001), *Makinaria* (2009), *Penúltimas tendencias* (Premio da AELG á mellor obra de literatura infantil e xuvenil do ano 2014), *Masculino singular* (2016) ou *Aplicación instantánea* (Premio Jules Verne de literatura xuvenil no 2018); iniciouse no xénero poético con *As laranxas de alíbabá* (1998). Recibiu tamén o premio Johán Carballeira polo poemario *Héleris* (2003), o Vitoriano Taibo por *Cultivos transxénicos* (2008) e o Fiz Vergara Vilariño por *Tundra* (2017). Ensaiou o xénero satírico no dicionario *Abelcebú* (2010), de carácter burlesco; tamén no 2017, formou parte do proxecto colectivo *Os aforismos do riso futurista*, publicado por Xerais. Nesta mesma editorial acaba de publicar en 2021 o libro de relatos *Non cantan paxaros neste bosque*.

Desde hai anos vén desempeñando un continuo labor de achegamento da poesía ao público xuvenil, a través de recitais e obradoiros en institutos de toda Galicia; visita con frecuencia os clubs de lectura escolares e establece un diálogo sen prexuízos con respecto á poesía, entendida como un xénero aberto, imaxinativo e ao alcance de públicos non especializados na lectura académica. Así mesmo, en colaboración coa AELG e diversos concellos do país, ten impartido obradoiros de creación literaria para adultos. As súas experiencias didácticas neste eido recóllense no ensaio *Ler poesía tampouco é para tanto*, publicado en *Poesía Hexágono. Ollada e experiencia. Proposta e resposta nas aulas* (Apiario, 2015).

Así mesmo, no 2018, recibiu o galardón ao autor do ano dos Clubs de Lectura das Bibliotecas Escolares de Galicia, polo seu fomento dos hábitos lectores entre a mocidade e a través do xénero poético.


17



Resumo da experiencia

Nesta intervención presentaranlle á comunidade educativa o proxecto didáctico de *Abecedáriome*, elaborado polo IES de Ames arredor á figura de Xela Arias, e que consta de dez carteis e a correspondente unidade didáctica para traballar en secundaria, bacharelato, formación profesional e ensinanza de réxime especial. Realizarán unha síntese dos principios que guiaron a nosa investigación sobre a autora homenaxeada nas Letras Galegas deste ano e explicarán brevemente que aspectos da súa vida e obra lles parecen máis interesantes para traballar no ámbito escolar.

**Deconstruír o equilibrio, reconstruír a
perspectiva: propostas para abordar a
poesía de Xela Arias nas aulas**



CURRÍCULO

 **Emma Pedreira Lombardía**

Licenciada en Filoloxía Hispánica. Formou parte da Plataforma de crítica feminista A Segra, dirixou diferentes seminarios e obradoiros de literatura, colaborou en diversas revistas literarias.

Entre outros, recibiu os premios Johán Carballeira no 1998 e no 2000, o Faustino Rey Romero no 1999, Eusebio Lorenzo Baleirón no 1999, o Fermín Bouza Brey no 2001, o Accésit no XI Certame de Poesía Rosalía de Castro da Casa de Galiza en Córdoba no 2001, o Modesto R. Figueiredo no 2002, o Certame Manuel Murguía no 2002, o Premio de poesía Fiz Vergara Vilariño no 2005 e no 2018, o IX premio de poesía Novacaixagalicia no 2010, o XIV Certame de poesía Concello de Carral no 2011, o Premio de poesía Gonzalo López Abente no 2015, o Premio Narrativas Quentes no 2016, o Premio internacional Jovellanos. El mejor Poema del Mundo no 2017, o Premio de poesía Concello de Vilalba no 2017, o VI Premio de Microrrelatos Mulleres Progresistas de Vigo en 2018, o Premio da Crítica de narrativa galega no 2018, o Premio Xerais de novela no 2018, o Premio Jules Verne de Literatura Infantil no 2019 e o Premio de relato de aventuras Avilés de Taramancos no 2020.

Publicacións

Poesía

- *Diario bautismal dunha anarquista morta*, 1999, Espiral Maior.
- *Grimorio*, 2000, Edicións do Castro.
- *Corpo*, 2001, Edições Tema.
- *As posturas do día*, 2001, Follas Novas.
- *Velenarias*, 2001, Espiral Maior.
- *Os cadernos d'amor e os velenos*, 2002, Espiral Maior.
- *Casa de orfas*, 2006, Espiral Maior.
- *Xoguetes póstumos*, 2010, A. C. Caldeirón.
- *Antítese da ruína*, 2011, PEN Clube de Galicia.
- *Libro das mentiras*, 2012, Espiral Maior.
- *s/t*, 2015, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- *Antídoto*, 2018, Alvarellos Editora.
- *As voces ágrafas*, 2019. Espiral Maior.


Narrativa

- *Bestiario de silencios*, 2001, Madame Mir, Santiago de Compostela.
- *As cinzas adentras*, 2004, Biblos Clube de Lectores.
- *Corazón e demais tripas*. 2016, Edicións Positivas.
- *Bibliópatas e fobólogos*, 2017, Vigo: Editorial Galaxia.
- *Besta do seu sangue*, 2018, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- *As fauces feroces*, 2019, Baía Edicións.
- *Os corpos invisibles*, 2019, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- *Cicatrices do aire*, 2021, Toxosoutos.

**Dignidade ou como Xela Arias sofre
pola terra nosa**



CURRÍCULO

 **Anxo Xoán Rajó Pazó** profesor no IES República Oriental do Uruguai de Vigo.

Licenciado en Filloxía Galega-portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela, foi redactor da *Enciclopedia Galega Universal* (EGU) e coordinador do *Dicionario Enciclopédico Galego Universal* (DEGU) e mais do *Dicionario de Galego* de Ir Indo Edicións. Amais, revisou e corrixiu máis dun cento de libros en lingua galega.

Publicou o seu primeiro artigo en 1996 titulado "A liberdade de cátedra no contexto da deontoloxía da función docente", co que participou nun relatorio do Consello Escolar de Galicia e a Consellería de Educación. En colaboración con outros autores, ten publicado diversas guías, material educativo e mapas do patrimonio e da natureza de Galicia. Socio da consultora Estela, Loxística e Proxectos, foi colaborador do Foro Económico Enrique Peinador nos seus inicios, e actualmente da Aula Castelao de Filosofía. Pertence dende 2011 á Asociación dos Premios da Crítica de Galicia.

Publicacións

- *Dicionario de Galego*, 2004, Vigo: Ir Indo Edicións.
- *Ramón Otero Pedrayo: escritor*, 2009, Vigo: Ir Indo Edicións.
- *Cabo Udra*, 2009, Estela Edicións.
- *Contos do Turreiro*, de Avelino Rodríguez Elías, 2010, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- *Guía dos nosos bosques*, 2011, Estela Edicións.
- *Natureza nos camiños de Pontevedra*, 2011, Estela Edicións.
- *Guía de campo da natureza dos camiños de Galicia*, 2011, Estela Edicións.
- *Mergúllate en Ons!*, 2011, Estela Edicións.
- *Xela Arias. Poeta e tradutora*, 2021, Vigo: Ir Indo Edicións.



XELA ARIAS

LETRAS GALEGAS 2021



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega